

PROGRAMACIÓN DECEMBRO 2016

Venres 2 de decembro ás 20:30 horas no Museo Ramón M.^a Aller



Exposición

GEOMETRISMOS versus ASTRACCIONISMO?

de Mercedes Paz Pérez

Venres 9 de decembro ás 18:30 horas na Sala de exposicións do Auditorio

Inauguración da exposición:

AspadezARTE

Trinta obras sobre lenzo feitas por trinta usuarios de Aspadeza

Adrián Fdez. Silva
Albino Iglesias Mendoza
Andrea Costa Mella
Eduardo Sánchez Rodríguez
Esteban Constenla Rey
Eva Guzmán Perdigao
Felipe Montoto Quintero
Francisco Fdez. García
Javier Méndez Montoto
Jesús Rozas Pereira
Jose Antonio Villamayor Fuentes
Jose García García
José Taboada Fernández
Karina Taboada Lamas
M^a Balbanera Taboada Troitiño
M^a Jesús Lorenzo García
Manuela Donsión Matanzas
María José García García
María Meijome Areán
Mercedes Méndez Couso
Olga Sampayo Dobarro
Orlando Villar Castro
Roberto Sampayo Varela
Rosa Gzlez. Espantoso
Rosa M^a Fdez. Iglesias
Sandra Taboada Lourido
Sonia Hermida Calvo
Tania González Varela
Vanesa Fdez. Taboada
Verónica Basalo Gzlez.



Venres 16 de decembro ás 21:30 horas no Salón Teatro de Lalín

Producións Excéntricas

"Os amores de Jacques o fatalista"

"O meu antigo amo costumaba dicir que todo o bo ou malo que nos pasa aquí abaixo estaba escrito alá enriba" - **Denis Diderot**

Adaptada e dirixida por **Quico Cadaval**



Elenco:

María Costas

Víctor Mosqueira

Marcos Orsi

Piti Sanz

pon música en directo durante toda a obra

Mon Orencio alias Mr. Cool

"Os amores de Jacques o fatalista" é una das obras cumbres da literatura contemporánea, e **Denis Diderot**, o seu autor, é una das personaxes máis importantes do

pensamento contemporáneo. Figura esencial na Revolución Francesa, esta obra puxo os cimientos de gran parte da cultura e do pensamento actual.

Jacques e o seu amo camiñan cara o lugar máis próximo, como fai todo o mundo. Para entreter o camiño, Jacques o fatalista e o seu amo contanse historias, falan da vida e acaban por falar do amor, como fai case todo mundo. Aproveitando que non hai mulleres, permítense dicir cousas das mulleres que non se atreverían a dicir se houbera mulleres diante. Como fan algúns homes. Bastantes.

Este paraíso masculino "estrágase" cando aparece en escena a Pousadeira. Ela é tan falangureira como Jacques e conta contos, fala das cousas da vida e emite asombrosas opinións sobre as mulleres e os homes sen importarlle moito que a escoiten os homes.

Estes contos, interrompidos constantemente polos outros, como acontece nas mellores conversas, tentan buscar a diferenza entre o enamoramento e a sedución, entre o sentimento e o instinto, entre a paixón e a violencia, entre o engano e o enxeño, entre o insulto e a liberdade de expresión, entre o nefando pecado do adulterio e a libre circulación de fluidos...en definitiva, sobre os amores. Tamén se tratarán temas importantes como a dominación de clase, a prostitución, a amizade, o roubo, a coraxe, a poesía e o tabaco.

Entrada única 5 euros

Orgaiza: Producións Excéntricas

AGADIC

Concello de Lalín (Concellería de Cultura)

NADAL NA BIBLIOTECA DE LALÍN - 2016

Domingo 11 de decembro ás 17:30 horas no Salón de Actos da Biblioteca



CONTAR É UN COSTUME DAS VOCES

Celso Fernández Sanmartín

CONTAR é un COSTUME que serve para moitas cousas pero unha das mellores para as que serve é para pasar tempo xuntos resumíndonos a vida a base de exemplos ou sucesos propios e alleos, mais sempre significativos. Ese tempo que pasamos tratándonos en

persoa a base de historias é o que máis se lle somella á CALOR humana

Domingo 18 de decembro ás 17:30 horas no Salón de Actos da Biblioteca

Recital riquiño de Aldaolado



As poetas **Lucía Aldao e María Lado** compoñen dende 2005 Aldaolado, un dúo escénico co levan a poesía a todo tipo de público e escenarios, mesmo a aqueles alleos á poesía, demostrando que emoción e risas poden aparecer xuntas nun recital. A base dos seus espectáculos é unha habilidosa combinación de textos propios, música en directo e humor, cunha alta participación do público.

Nesta ocasión, Aldaolado traen un recital apto para todos os públicos no

que farán os seus textos máis emocionantes, as cancións que lles sacan un sorriso e os xogos máis entretidos. Recital riquiño é exactamente o que o seu nome indica; un recital para gozar e rir. E tamén, como non, divertirse.

Salón de Actos da Biblioteca

Luns 19 – Martes 20 – Mércores 21 de 19:00 á 21:00 horas

Obradoiro de creación poética con Antía Otero

Que como o sol sexa o meu verso.



Dirixido a persoas interesadas na literatura a partir de 16 anos

Maximo de alumnos/as: 15, interesados inscribirse na Biblioteca Varela Jácome

Inscripción gratuita, os quince primeiros accederán ao curso

Tres sesións de 2 horas

Descrición:

Que como o sol sexa o meu verso son palabras do poeta Miguel Hernandez e con elas quixemos poñer nome a este obradoiro. Unha proposta na que converxe o descubrimento do poético e da experiencia literaria a través de lecturas, comentarios en grupo e de propostas prácticas para a escrita.

Programa:

A desmitificación: onde a poesía?. Conecemosola?. Vimola?. Tocamola?. Escoitamola algunha vez?. Que pensamos dela?. Non todo ten que ser rima // Non todo ten que ser rosa

Os sons e a palabra: A serpe, o estourido, a bomba, o silencio

O cromatismo e os ecos

A outra cara da imaxe no cadro. A lupa.

Mirar pola venta.

Antoloxía de autores/as. Que propon un texto.

Recollida de material e encomendas de escrita.

A lectura do poema. O recital.

Xoves 22 de decembro ás 20:30 horas no Salón de Actos da Biblioteca

DABOAPIPA

Narración oral e música en directo

Historias de vida, amor, guerra e case morte



Conta e Canta: **Vero Rilo**

Música: **Carlos Quintá**

Narran, cantan e musican relatos, contos escoitados nalgún lugar, escritos nalgún libro, nados dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas, familias e público adulto.

O espectáculo

Historias de vida, amor, guerra e case morte é unha fermosa proposta a medio camiño entre a narración oral e o teatro con música ao vivo.

Ao longo de varias historias recollidas de experiencias reais, Dabopapipa cóntanos historias dos nosos maiores que reflicten dun xeito agarimoso e divertido a realidade na que vivían.

Historias de amor, de emigración, de reclusión, guerra e amor contadas dende a ternura e a emoción nunha proposta que arranca bagoas, lembranzas e sorrisos

Público: Adulto

Venres 23 de decembro ás 20:30 horas no Salón de Actos da Biblioteca

Agarimoso recoñecemento a CHUS PATO



A obra de Chus Pato, (Ourense, 1955) manifesta a característica transgresión posmoderna dos xéneros literarios, conformando unha escritura baseada na superación do concepto tradicional de poesía, acolle non só diferentes tipos textuais, desde o biográfico ata o ensaísmo filosófico, senón unha polifonía de voces que van desde a da propia autora, á dunha pléiade de personaxes imaxinarios e reais que se manifestan en múltiples subxéneros: fragmentos teatrais, entrevistas, programas radiofónicos, etc. Os seus poemas nacen da conciencia da non neutralidade, da non naturalidade da linguaxe. A súa obra caracterízase pola súa radicalidade, o exercicio dunha experimentación demoledora dos discursos e lugares comúns herdados. A

autora crea unha escritura desbordante na que non están ausentes os contidos xenéricos e relativos á nación.

Parte da súa poesía está incluída nas antoloxías *Poesie en Galice aujourd'hui* (Anxo Angueira, Sources, 1999), *Rías de tinta. Literatura de mujeres en francés, gallego e italiano* (Marta Segarra, Helena González y Francesco Ardolino, ed. de la Universitat de Barcelona, 2000), *Defecto 2000* (Letras de Cal, 2000), *Poetry is the world's great miracle* (María do Cebreiro, ed. do P.E.N. de Galicia, 2001) e *A tribu das baleas* (Helena González, Xerais, 2001), *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* (Arturo Casas, Tris Tram, 2003), *Iberia polyglotta*, Hans-Ingo Radatz.Aina Torrent-Lenzen (Hrsg), editorial Alex Lenzen (2006), *Pótwysep wierszach*, Wydawnictwo Ksiązkowe IBIS, Warszawa (2006) entre outras. Os seus libros foron traducidos total ou parcialmente ao inglés, castelán, alemán, polonés, catalán, italiano, euskera etc.

PROGRAMA:

Falan:

Rafael Cuiña Aparicio

Lara Rodríguez Peña

Chus Pato



Cinta Adhesiva **Espectáculo Poético Musical**

Texto e voz: **Silvia Penas**

Guitarra: **Jesús Andrés**

Proxecto literario musical, que sobre o fío conductor da música de Jesús Andrés os textos de Silvia Penas van dotando de significado as melodías, os ritmos e a cadencia

Luns 26 de decembro ás 18:00 horas no Salón de Actos da Biblioteca

Teatro Ghazafellos



“As mil e unha noites”

Unha peza moi divertida para o público familiar, dunha das compañías de referencia no traballo actoral para público infantil en Galiza neste momento.

Sinopse

Tres actores do lonxano oriente veñen a contar a historia de Sherezade e de cómo o seu inxenio logrou cautivar a un dos Sultáns áis despiadados de toda Persia. As mil e unha Noites!!!

A crueldade do sultán, a intelixencia de Sherezade, a pillería de Aladín, a aventura de Alibabá... todo tornará nun xogo no noso maxín dende o momento no que as personaxes chegan nun carromato procedente das antigas historias de Bagdad.

Martes 27 de decembro ás 18:00 horas no Salón de Actos da Biblioteca



Tropa de trapo

Zona en obras

Un espectáculo que une a música, o humor e o facer dunha compañía cunha marca propia en todos os seus traballos.

Sinopse

ATENCIÓN!!! Esta contada está en obras. Si: está sen acabar. Pero non vos preocupedes. Temos un andamio, tubos de antenista, unha guitarra eléctrica cun looper, unha batería cun capacho e un caldeiro, ferramentas... e a axuda inestimable do público. Malo será que entre tod@s non acabemos estes contos cheos de música e ritmo. Contos de osos tristes, de extraterrestres que viaxan en caldeiros de fregar, de cans de palleiro que se convirten en superstars...

Mércores 28 de decembro ás 18:00 horas no Salón de Actos da Biblioteca

Raquel Queizás



“Historias da maletra”

Un espectáculo da contadora Raquel Queizás no que a participación do público infantil e adulto é unha marca que garante o seu éxito.

Sinopse

A O está agachada detrás do Q, os R andan a rir e rir cos I mentres o C e o G axudan o H a facer barullo... Todas as letras xuntiñas viaxan e xogan dentro da miña Maletra. E cando a abro para coller as miñas cousas todas as letras corren para fóra bailando e formando palabras que xogan á roda e me contan ao ouvido fermosas historias. Historias que levan moito tempo andando polo mundo, de boca en boca, de soño a soño.

De tanto andar dando tombos polo mundo os contos coñeceron outras paisaxes, e xentes de outros países, e foron aprendendo a falar outras linguas. E durante tódalas noites e tódolos días que pasaron falando xuntos naquelas linguas exóticas, misturáronse e naceron novos contos.

De tal xeito que cada vez que abro a miña Maletra escoito novas historias. A ver cales me están agardando hoxe!